

# A emigración senegalesa na Coruña. Unha experiencia persoal

*Senegalese Immigration in A Coruña.  
A Personal Experience*



CHEIKH FAYE

Diplomado en Xeografía e Historia pola Universit  Cheikh Anta Diop de Dakar (Senegal)

<damefaye1@outlook.es>

Recibido: 30/06/2015

Aceptado: 20/07/2015

## Resumo

Este artigo ofrece unha síntese da historia da migración senegalesa cara á Coruña a partir da experiencia vital do seu autor, das conversas con outros migrantes senegaleses asentados na cidade e das estatísticas oficiais dos estados de Senegal e España. O obxectivo desta análise é subliñar distintas liñas de investigación que xa se están a desenvolver en estudos que aquí se refiren e contribuír á visualización dos problemas que afectan a este colectivo. Tamén se propoñen algunhas actuacións concretas. O artigo pretende, ademais, achegarse á problemática da migración desde unha perspectiva global, incidindo nos factores ambientais e culturais como causas da migración, que as máis das veces quedan relegados a un segundo plano polo peso que se lles concede aos factores económicos e políticos.

**Palabras chave:** Senegal, Sahel, Sáhara, A Coruña, seca, éxodo, inmigración, migración, caiuco, mourides, *tidjianses*, *layens*, confrarías relixiosas, Islam, regularización, reagrupamento, venda ambulante, integración.

## Abstract

*This article provides a summary of the history of Senegalese migration to A Coruna from the life experience of the author, talks with other Senegalese migrants settled in the city and the official statistics of the states of Senegal and Spain. The objective of this analysis is to highlight different lines of research that are already developed in studies referred and contribute to the visualization of the problems affecting this group here. Some specific actions are also proposed. The article aims also approach the problem of migration from a global perspective, focusing on environmental and cultural factors as causes of migration, which most often are relegated to a second plane by the weight accorded to economic and political factors.*

**Keywords:** Senegal, Sahel, Sahara, A Coruña, Drought, Exodus, Immigration, Migration, Dugout canoe, Mouride, Tidjianses, Layens, Religious brotherhoods, Islam, Regularization, Regrouping, Hawking, Integration.

## 1. Introducción

En primeiro lugar expóñense unhas breves consideracións sobre a situación xeográfica e o clima do Senegal, para logo aproximarnos á migración senegalesa no interior do propio país e do continente africano, e saltar, finalmente, á migración a Europa e a España, en concreto, á cidade da Coruña.

### 1.1. Xeografía e clima


O continente africano está situado na zona intertropical entre os 37° de latitude Norte e os 35° de latitude Sur. É o terceiro continente do mundo pola súa extensión (305 millóns de km<sup>2</sup>) e acolle máis de 1110 millóns de persoas, unha poboación fundamentalmente de raza negra no sur e branca no norte. Dúas zonas xeográficas marcan o continente: o Sáhara e o Sahel. O Sáhara, no norte, é o deserto máis grande do planeta (10 millóns de km<sup>2</sup>). Vai de leste a oeste desde o Atlántico até o mar Roxo, e de norte a sur desde o Atlas até Sudán. Dez estados comparten o deserto: Mauritania, Marrocos, Mali, Níxer, Chad, Libia, Sudán, Alxeria, Tunisia e Exipto. Tamén forma parte deste grupo a República Árabe Sahariana Democrática, territorio ocupado por España no ano 1958<sup>1</sup>.

O Sahel, pola súa banda, é unha zona de semideserto de 3 millóns de km<sup>2</sup> que separa o Sáhara e a sabana africana nunha franxa chá duns mil quilómetros de ancho e máis de cinco mil quilómetros de longo entre o Atlántico e o mar Roxo. Inclúe amplos territorios de dez estados: Senegal, Gambia, Mauritania, Burkina Faso, Mali, Níxer, Nixeria, Chad, Sudán e Eritrea, e afecta tamén ás illas de Cabo Verde e o norte de Etiopía. A estación seca no Sahel dura nove meses; as chuvias concéntranse entre xullo e setembro. É unha zona de transición climática: ao norte a pluviosidade rolda os 200 mm anuais (nos niveis de Almería ou As Palmas), mentres que no sur a media chega até os 600 mm anuais (nos niveis de Barcelona ou Xirona). Porén, a desertización gaña

<sup>1</sup> En 1974 España decidiu descolonizar o territorio, momento en que Mauritania, Marrocos e Alxeria se lanzaron a ocupalo. En 1976, co Acordo de Madrid, España dividiu a administración do territorio entre Mauritania (río do Ouro) e Marrocos (Sakia El Hamra). Nese mesmo ano, a Fronte Polisaria, que iniciara as súas actividades en 1973 apoiada por Alxeria e Libia, comezou unha guerra de guerrillas contra os estados ocupantes. A guerra contra Mauritania cesou en 1979. En 1991 asinouose o alto ao lume con Marrocos, co compromiso de celebrar un referendo de autodeterminación que segue pendente. Marrocos levantou seis muros fortificados para controlar as costas do Sáhara Occidental, unha das zonas máis ricas do mundo en peixe. A República Árabe Sahariana Democrática integrouse na OUA (actual Unión Africana) en 1982.

terreo e as precipitacións redúcense paulatinamente<sup>2</sup>, ao tempo que aumenta o número de eventos extremos. As liñas que marcan as zonas de pluviosidade móvense cara ao sur. Isto ten consecuencias sobre as actividades agrícolas e as poboacións, que se ven obrigadas a fuxir do deserto, malia que tamén os usos agrícolas tradicionais do solo, intensivos, teñen impacto sobre o avance da desertización.

**Mapa 1. A rexión do Sahel**



Fonte: elaboración propia con base en acegeography.com


## 1.2. A seca

Tanto no Sáhara como no Sahel a seca é un fenómeno climático notable. Definimos a seca como a ausencia ou a insuficiencia de precipitacións. No Sahel estamos ante o segundo caso. Senegal é un estado esencialmente saheliano, con tres tipos de climas: o clima saheliano ao norte; o clima sudanés-saheliano no centro; e o subguineano no sur. A duración da estación de chuvias diminúe do norte ao sur. Senegal está situado na parte máis occidental de África, con fronteiras ao norte con Mauritania, ao leste con Mali e ao sur con Guinea e Guiné-Bissau. Ao leste están as costas bañadas polo Atlántico. Senegal tamén ten unha longa fronteira co estado de Gambia, cun enclave no Senegal que segue o curso do río do mesmo nome. Senegal ten unha superficie de 196 730 km<sup>2</sup> e unha poboación de máis de 14 millóns de habitantes (aquí utilizaremos

<sup>2</sup> MITCHELL, T. (s. d.) [en liña] *Sahel Precipitation Index (20-10N, 20W-10E), 1900-May 2015*. Dispoñible no enderezo web <<https://goo.gl/8zEkOS>>, doi:10.6069/H5MW2F2Q.


a cifra de 13 508 715 habitantes, correspondente á última estatística oficial do Goberno senegalés). Nos mapas 2 e 3, que dan conta da pluviometría do Senegal, pódese apreciar a diversidade climática do país e a evolución das precipitacións desde mediados do século pasado.

**Mapa 2. Zonas climáticas do Senegal segundo a pluviosidade**



Fonte: elaboración propia con base en datos da Agence Nationale de la Statistique et de la Démographie e @d-maps-com

**Mapa 3. Evolución das precipitacións por décadas desde 1940**



Fonte: ORGANIZACIÓN DAS NAÇÕES UNIDAS PARA A ALIMENTACIÓN E A AGRICULTURA (FAO) (2004) [en liña] *La biodiversité agricole en Afrique de l'ouest. Situation actuelle, expériences et perspectives.* Disponível no enderezo web <<https://goo.gl/O7ieaj>>

## 2. As migracións

Despois da independencia política de Francia, que se completou en 1960, a primeira gran seca no Senegal chegou no ano 1966. Só sete anos despois, en 1973, outra seca provocou fame e cólera. As familias, sobre todo no rural, apenas puideron contar cunha comida ao día. Morreron moita xente e moitos animais. Lembro ter vivido aquela época na miña aldea.

No Senegal cerca do 80% da poboación vive da agricultura, da gandaría ou da pesca, así que as actividades primarias, especialmente as agrícolas e gandeiras, constitúen a base da economía. Porén, o ecosistema é fráxil, e mesmo os usos do solo xeran máis seca e máis pobreza<sup>3</sup>. A falta de chuvias é a principal causa do movemento migratorio desde o norte cara ao centro, onde o cultivo básico é o cacahuete. Así, a rexión de Louga, no Sahel, é un foco de migración cara a Diourbel, Thiés, Fatick ou Kaolack, onde a estación das chuvias dura case catro meses (máis de cen días, fronte aos cincuenta habituais no norte). Un dos principais continxentes de migrantes é o formado polos campesiños que marchan en busca de traballo entre xuño e novembro. Moitos viaxan coa familia, e, en ocasións, a migración convértese nun asentamento definitivo.

A desertificación gaña terras cada ano, as secas sucédense incrementando a súa intensidade e a opción do éxodo imponse entre os máis novos, que esperan atopar mellores condicións económicas nas cidades e abandonan a agricultura. Estes migrantes concéntranse sobre todo en Dakar, mais tamén en Thiés, Diourbel e Kaolack. O éxodo non só é un problema para as zonas de orixe, senón tamén para os destinos, como recoñece o propio Goberno senegalés<sup>4</sup>. A seca persistente está detrás así mesmo da pobreza que sofren diferentes zonas do país e que explica igualmente as migracións. Entre 2003 e

<sup>3</sup> MALAGNOUX, M.; SÈNE, E. H. e ATZMON, N. (2007) «Bosques, árboles y agua en las tierras áridas: un equilibrio delicado» *Unasylva* 229(58), pp. 24-29. Dispoñible no enderezo web <<https://goo.gl/vsK5Ic>>.

<sup>4</sup> «En realidade, o éxodo rural crea un desequilibrio entre as zonas rurais e urbanas. [...] A migración implica unha gran presión sobre as instalacións públicas, un desequilibrio entre a oferta e a demanda de servizos sociais básicos e unha degradación do medio e do ambiente en que viven. [...] Esta dinámica de migración, até internamente, segue a cambiar a estrutura da poboación. Ao longo das últimas tres décadas, a taxa de urbanización do Senegal aumentou do 34% en 1976 ao 39% en 1988; e do 41% en 2002 ao 45,2% en 2013. En suma, o Senegal caracterízase por un nivel global de rápida urbanización». AGENCE NATIONALE DE LA STATISTIQUE ET DE LA DÉMOGRAPHIE (ANSD) (2014) *Recensement Général de la Population et de l'Habitat, de l'Agriculture et de l'Elevage 2013*. Dakar, ANSD. Dispoñible no enderezo web <<https://goo.gl/tlgFP8>>.

2013 un 8% da poboación do Senegal mudou de rexión por diversos motivos segundo a Axencia Nacional da Estatística e a Demografía (ANSD en francés).

**Táboa 1. Saldo migratorio das rexións senegalesas no período 1988-2013**

Rexión	1988	2002	2013
Dakar	347 298	475 356	573 907
Ziguinchor	-27 030	-68 340	-92 505
Diourbel	-35 132	-8425	94 724
Saint-Louis	-89 971	-34 370	-61 488
Tambacounda	6632	19 265	-4296
Kaolack	-4953	-94 396	-123 156
Thiés	-41 599	-42 203	-38 598
Louga	-103 479	-125 702	-134 437
Fatick	-41 122	-86 462	-82 466
Kolda	-10 644	-3374	-11 896
Matam	Sen datos	-31 349	-12 700
Kaffrine	Sen datos	Sen datos	-39 618
Kedougou	Sen datos	Sen datos	-22 376
Sedhiou	Sen datos	Sen datos	-45 095

Fonte: AGENCE NATIONALE DE LA STATISTIQUE ET DE LA DÉMOGRAPHIE (ANSD) (2014)  
*Recensement Général de la Population et de l'Habitat, de l'Agriculture et de l'Elevage 2013*. Dakar, ANSD.  
 Dispoñible no enderezo web <<https://goo.gl/tlgFP8>>

## 2.1. Francia, Italia, España

O camiño dos migrantes non se detén no interior do Senegal, senón que moitos continúan cara a Costa de Marfil, onde a economía semella ofrecer mellores oportunidades; cara a Gabón, abundante en regadío; ou cara á República do Congo, o Congo ou mesmo Mauritania, onde hai demanda de man de obra. Durante a década dos anos oitenta do século pasado aparecen novos destinos: Europa e os Estados Unidos. Francia, a antiga metrópole colonial, foi o primeiro lugar de destino fóra do continente. Máis tarde os senegaleses encamiñáronse cara a Italia e España. Como apunta unha recente tese realizada na Universidade da Coruña<sup>5</sup>: «Estes inmigrantes de *nova xeración* parten

<sup>5</sup> VÁZQUEZ SILVA, I. (2014) *La inmigración senegalesa en Galicia. Remesas y cuidados en familias transnacionales*. Tese de doutoramento presentada no seo do Departamento de Socioloxía e Ciencia Política e da Administración da Universidade da Coruña, p. 169.

a mediados dos anos oitenta e dirixense non só a Francia, senón que unha das súas características é que comezan a emigrar tamén a países sen lazos históricos, culturais ou lingüísticos co Senegal. Estes novos emigrantes son por norma xeral de etnia wolof, proceden do centro-oeste do país e dos barrios das grandes cidades».

A partir de principios de século a inmigración senegalesa cara a destinos como Italia e España comeza a superar as cifras da que se produce cara a Francia. Na actualidade, o 97% dos emigrados senegaleses na OCDE concéntranse nestes tres estados do sur de Europa, mesmo con maiores volumes de migrantes en Italia ou España que en Francia<sup>6</sup>.

## 2.2. Os senegaleses na Coruña

Segundo a estatística do padrón continuo do Instituto Nacional de Estatística (INE), con data do 1 de xaneiro de 2014 residen na Galiza 2571 cidadáns senegaleses, dos cales 1344 –o 52,2%– se encontran na provincia da Coruña e constitúen o 3,8% dos estranxeiros residentes na provincia. Hai rexistradas 197 mulleres e 1147 homes, isto é, unha muller por cada 5,8 homes, o que fala dunha poboación máis masculinizada que a media do Estado (onde a proporción é de 1 a 3,8). Doutra parte, habita en concreto na cidade da Coruña o 60,26% dos senegaleses da provincia, un total de 810. A Coruña non foi unha cidade de destino até mediados dos anos oitenta. En xeral, os primeiros migrantes senegaleses elixiron Madrid ou Barcelona, por seren as cidades máis coñecidas no estranxeiro. Teño datado o ano 1982 como o do asentamento dos primeiros senegaleses na Coruña, procedentes de Barcelona. Unha parte deles segue a vivir na cidade. Moitos prefiren manter o anonimato, mais coa súa axuda trato aquí de debuxar como é a súa –a nosa– vida na Coruña.

En trazos xerais, a maioría dos senegaleses proceden do mundo rural<sup>7</sup>, e as súas idades concéntranse na franxa que vai dos 20 aos 45 anos. Más do 90% son homes e falan o *wolof*, a primeira lingua de comunicación no Senegal. Hai outras, como o *serer*; o *pular* ou as linguas *manding* (o *sarakhole*, o *soce*, o *soninké* ou o *bambara*). Son –somos– todos musulmáns e unha alta porcentaxe, por riba do 90% de seguro, realizou estudos do Corán. Moi poucos estudaron o idioma francés, que é a lingua administrativa e oficial do Senegal. Isto sucede por unha cuestión ben enraizada na mentalidade senegalesa: a

<sup>6</sup> *Ibidem*, p. 175.

<sup>7</sup> De feito, no Senegal un 54,8% da poboación reside no rural.



desconfianza ante o colonizador. Para a anterior xeración, a dos pais dos migrantes, a lingua francesa conducía cara a unha alienación cultural, mais na emigración o descoñecemento do francés converteuse nun freo para aprender linguas como o castelán ou o galego. O maior atranco para a integración dos senegaleses en España é a dificultade para entender e falar o idioma.

### **2.2.1. Modo de vida e actividade**

Os primeiros senegaleses chegados á Coruña viviron na clandestinidade, pois non posuían permiso de residencia. As leis aínda non contemplaban ningunha fórmula de regulación de colectivos de migrantes, así que podían ser detidos e expulsados; non tiñan liberdade de circulación. As primeiras solicitudes de residencia foron tramitadas no ano 1985, durante o goberno do PSOE de Felipe González, pero tiveron que agardar até 1987 para recibir os permisos. A falta de documentos legais complicaba as viaxes ao Senegal para visitar a familia. Carecían de permiso de circulación, como xa se apuntou, e estaban expostos tanto na ida como no regreso.

Aloxábanse en pensións e compartían os cuartos. Xuntaban os cartos para comprar a comida e comían xuntos. O arroz con peixe é noso o prato preferido. A limpeza do peixe e a cocción dos alimentos facíanse por quendas. Cada vez que saían das pensións tiñan que estar vixiantes. Todos practicaban a venda ambulante e mercaban a almacéns de Madrid ou Barcelona. Houbo quen trouxo consigo o permiso de conducir, e quen se xuntou con outros para comprar un coche e desprazarse ás feiras semanais (Betanzos, Santa Comba, As Pontes, Arzúa, Carballo, Ordes, Compostela, Ortigueira, Cee, Ferrol e tamén localidades das outras provincias galegas). Aqueles que non dispuñan de coche desprazábanse en autobús. Vendían reloxos, aparatos de radio, pulseiras, cintos, colares e algúns obxectos de arte feitos con madeira con formas de animais ou de homes. O seu gran problema era a inseguridade: foron vítimas de roubos e ataques por parte de delincuentes comúns. A policía local apenas vixiaba as feiras, e se o facía os senegaleses quedaban expostos a que a propia policía lles confiscase a mercadoría. Despois do traballo xuntábanse para comer, tomar o té e discutir dos asuntos do día e das novas que chegaban do Senegal.

Hoxe en día os homes continúan a dedicarse á venda ambulante. O abano das mercadorías ampliouse, mais o beneficio caeu a partir de 2008 se se compara co dos anos anteriores á crise. Ademais, desde hai uns poucos anos, algúns andan na venda de roupa, que era unha actividade propia dos marroquís. Outros recollen roupa que


rematará en contedores para a venda no Senegal ou noutro país africano. Un grupo pequeno dos senegaleses da Coruña merca coches baratos para levalos ao Senegal e revendelos. Tamén hai quen abriu locutorios que ofrecen redes de envío de cartos e cabinas telefónicas para as chamadas, e mesmo produtos de cosmética ou alimentación importados desde Senegal. Entre estes últimos pódense atopar produtos como o *khesao* (unha planta similar ao té), o *bisap* (planta dun sabor semellante ao vinagre), o *candjé* (pemento pequeno); froitos como o *seup* e o *diakhatou*; cereais para o cuscús como o *lalo*, o *tiéré*, o *sangal* e o *araw*; e pescados secos, como o *guedj* e o *kediakh*.

### 2.2.2. As mulleres no traballo

As mulleres tamén participan da venda ambulante en feiras e festas. Nas festas, alén de venderen pezas de xoiaría, fan trenzas africanas e comida. Ao principio, os clientes do negocio de restauración eran sobre todo os mesmos feirantes senegaleses, mais agora xa se nota que feirantes doutras procedencias gustan da comida étnica senegalesa. Os pratos máis habituais son os arroces, como o *tiebou dieun* (con peixe), o *mafè*, o *damada* e a *soupe kandja* (con salsa de aceite de palma), e tamén diferentes pratos con cereais coma o *lakh*, o *tiagri* e a *fondé*. Tamén hai quen se dedica á venda de roupa e calzado importados do Senegal, e mesmo doutros produtos como pulseiras ou colares, que se venden moi ben no verán. Hai mulleres senegalesas traballando en negocios de hostalaría, no téxtil (pasando o ferro) e algunha conseguiu abrir perruquería na Coruña, mais os trámites administrativos e a falta de clientela botaron abaixo moi cedo o negocio. Algunhas dedícanse ao traballo de limpeza a domicilio. Finalmente, desde hai xa uns meses, temos na Agra do Orzán un restaurante senegalés.

## 3. Evolución da poboación de migrantes senegaleses na Coruña

Aínda que hai senegaleses residentes na Coruña desde 1982, até 1997 non se dispuxo de estatísticas oficiais. Nese primeiro rexistro, o Instituto Nacional de Estatística cifraba en 32 os migrantes senegaleses residentes na cidade. O crecemento do continxente foi lento, pero o ritmo de chegadas incrementouse a partir de 2003, cun 30% máis de residentes ao ano seguinte, e un 125% de incremento entre 2004 e 2007 (véxase o Gráfico 1).

**Gráfico 1. Evolución da poboación senegalesa na cidade da Coruña entre 2000 e 2013**

Fonte: elaboración propia con base nos datos do Instituto Nacional de Estatística

Esta evolución pode explicarse polos seguintes tres motivos:

- a) A oportunidade que, a partir de 2006, se lles presenta a moitos migrantes senegaleses de entraren en España a bordo de caiucos. Con moito risco: houbo numerosas mortes no mar. Outra vía de entrada que seguiu algún dos migrantes que informan este estudo foi o salto dos valados en Melilla<sup>8</sup>.
- b) A regularización de inmigrantes do ano 2005 durante o goberno do PSOE de José Luis Rodríguez Zapatero, que estimulou o desexo de moitos senegaleses de viren a España.
- c) A economía española, que xogou tamén un papel de atracción ao longo da época en que se xerou a burbulla da construción<sup>9</sup>.

<sup>8</sup> Véxase AGENCE NATIONALE DE LA STATISTIQUE ET DE LA DEMOGRAPHIE (ANSD) (2015) *Situation Economique et Sociale du Sénégal en 2012*. Dakar, ANSD. Este informe de 2012 explica que nos anos 2006 e 2007 a migración ilegal por mar alcanzou «unha escala sen precedentes», mais que desde 2008 se produciu «unha pausa» nas saídas en caiucos cara ás Illas Canarias, e que en 2010 non se rexistrou ningunha saída nas costas senegalesas. Estes resultados, segundo o informe, débense á vixilancia permanente das patrullas marítimas, aéreas e terrestres e a colaboración coa axencia que xestiona as fronteiras da UE, Frontex.


<sup>9</sup> Véxase VÁZQUEZ SILVA, I. (2014) *op. cit.*, p. 194, en que se informa de dous padróns na migración senegalesa: o modelo *pular* e *soninké*, vinculado ao traballo agrario; e o modelo *wolof*, relacionado coa venda ambulante, que foi o predominante na emigración cara a España. A autora coincide en sinalar as políticas de regularización como un forte factor de atracción, e indica outro: a importancia da economía somerxada na economía española.

Cómpre subliñar que os primeiros senegaleses que chegaran a España na década dos oitenta fixérono vía terrestre ou vía aérea, transitando desde Marrocos ou a través do aeroporto de Madrid-Barajas en voos procedentes de Francia e Bélxica, mesmo en tren desde estes países. A partir de 2007, a crise financeira internacional que afectou duramente á economía española mudou a imaxe que nos países de orixe se ten de España e das súas posibilidades como destino da migración. Comezouse a notar un descenso nas chegadas, tendencia xeral que se aprecia tamén no caso da Coruña. Os datos sinalan que seguen chegando senegaleses á cidade, mais en menor cantidade.

### 3.1. Unha migración masculinizada

Como comentabamos antes, estamos ante unha migración fortemente masculinizada (véxase o Gráfico 2). Os homes son maioría e até o 2008 marcaron a pauta do total do continxente, cun aumento sostido e intenso. En 2009 houbo unha baixada, mais no ano seguinte a tendencia recuperouse. No caso das mulleres, as chegadas son máis recentes. Ao comezo da primeira década do século había só dúas senegalesas rexistradas como residentes na Coruña. A progresión foi máis tardía que a da media: entre 2004 e 2007 a cifra incrementouse nun 88%, mais mellorou a dos homes nos anos seguintes até estabilizarse nunha proporción dunha migrante feminina por cada sete migrantes masculinos. O estancamento da poboación senegalesa feminina asentada na Coruña podería explicarse polo impacto da crise económica.

Gráfico 2. Poboación senegalesa na Coruña por sexo



Fonte: elaboración propia con base nos datos do Instituto Nacional de Estadística

### 3.2. A relixión

Os senegaleses migrantes na cidade da Coruña divídense nas seguintes tres confrarías relixiosas:

- a) A dos mourides. Representa o movemento *mouridisme*, que ten como guía espiritual a Serigne Mohamadou Bamba Mbacke (1850-1927), coñecido tamén co nome de Serigne Touba. Foi fundador da cidade de Touba, onde cada ano se celebra o seu regreso do exilio (sete anos, sete meses e sete días), a que se viu condenado como resistente fronte á colonización francesa. Os mourides coruñeses celebran o *magal* ('regreso') de Serigne Touba nas mesmas datas. Constituíronse en asociación relixiosa (Dahira Mouride ou Paz Touba Coruña) e teñen a súa sede na rúa Barcelona. Alí reúnense cada domingo para ler o Corán e os escritos do seu guía, coñecidos como *khasahites*.
- b) A dos *tidjanes*. Esta confraría ten como guía un neto de Mahoma, de nome Cheikh Ahmed Tidjiane Cherif, fundador do movemento do *tidjianismo*. Na Coruña, os fieis celebran cada ano a data do nacemento do Profeta por volta do ano 570.
- c) A dos *layens*. Os fieis conmemoran anualmente a chamada do seu guía, Seydina Limamou Laye, que se proclamou *mahdiou*, é dicir, mensaxeiro de Deus. Tamén, como nos casos anteriores, o centro da celebración son as lecturas do Corán.

Estas festividades relixiosas son momentos de encontros da comunidade musulmá senegalesa da Coruña, que tamén segue o Ramadán e, á fin do mes, celebra a festa do año (*tabaski*). A maioría dos musulmáns da Coruña cumpren cos seus rezos na mesquita da avenida de Fisterra. Ademais do Islam, no Senegal están implantadas a relixión cristiá e o animismo. Esta última é a relixión tradicional senegalesa.

Dúas familias son as cabezas das grandes confrarías mouride e *tidjiane*) Son a familia Mbacke, desde Touba, na rexión de Diourbel; e a familia Sy, dos netos do califa Ababacar Sy, con sé en Tivavone, na rexión de Thiés. Case o 80% da poboación presta obediencia a algunha destas familias, que garanten a estabilidade política que inaugurou Leopold Sedar Senghor, o primeiro presidente da República do Senegal independente en 1960. Foi un católico quen soubo unir todos os senegaleses. As confrarías operan igualmente como redes de apoio á migración, como tamén sinala Iria Vázquez na súa tese<sup>10</sup>:

<sup>10</sup> VÁZQUEZ SILVA, I. (2014) *op. cit.*, pp. 170-173.

Trátase dunha inmigración marcada polas redes transnacionais de varóns sós, pouco inclinados á reagrupación familiar, en razón da súa mobilidade xeográfica e a precariedade do seu emprego. [...] [Doutra parte,] nesta nova migración senegalesa, a confraría relixiosa musulmá mouride xoga un papel moi relevante en todo o proceso migratorio, facilitando a inserción laboral e residencial nos países de destino. [...] O tipo de vínculos polo que se unen este tipo de migrantes son diversos: o lugar de nacemento, a familia ou a obediencia ao mesmo marabout [...], [e] a rede social mouride é forte precisamente debido a esa multiplicidade de vínculos.

### 3.3. A cultura e a integración

As primeiras estratexias de reagrupamento familiar puxéronse en marcha durante a década dos noventa. Nun principio tratábase de traer os fillos, e as mulleres chegarían máis adiante. Hoxe en día os fillos de nais e pais senegaleses nados na Coruña estudan o idioma castelán na escola e fálanlo perfectamente. A súa integración na sociedade é sinxela. No caso dos seus proxenitores resulta máis complexa. Hai dúas cuestións de futuro a que cómpre atender con urxencia:

- a) unha: van perder eses rapaces a súa *senegalidade* ou cultura senegalesa?;
- b) e dúas: a actual situación económica permitiralles aos migrantes homes manteren as súas esposas e os seus fillos?

Fago unha primeira observación sobre os rapaces. Algúns deles empezan a perder a lingua materna, xeralmente a lingua *wolof*. Uns porque non a dominan; outros poden entendela, mais non son capaces de falala; e unha minoría simplemente non a fala. Fago notar que a lingua xoga un rol importante para a cultura. En efecto, toda cultura é transmitida por un idioma, e todo idioma é vehículo dunha cultura. En consecuencia, as persoas que perden a súa lingua, perden a súa cultura; e quen perde a súa cultura fica outro/a. Non estou propoñendo que os nenos non falen o castelán nin o galego. Son necesarios, a lingua é o primeiro factor de integración, mais non hai que descoidar o que pasa coa lingua materna.

Para min, o feito de falar varios idiomas é unha riqueza cultural moi aproveitábel no mundo actual. Ademais, coído que temos que estar orgullosos da nosa cultura e serlle fieis. Por iso avanzo algunha proposta para axudar a que os rapaces manteñan a súa cultura: que as asociacións de senegaleses promovan cursos nas diferentes linguas dirixidos aos nenos; artellar mecanismos para que os rapaces poidan pasar parte das súas vacacións escolares no Senegal; e falar con eles tamén nas linguas étnicas no seo das familias.

Ningunha destas achegas impide que poidan seguir desenvolvendo a súa aprendizaxe e socialización en castelán ou en galego, porque o contorno así o favorece.

### **3.4. Remesas, ausencia, familia**

Os senegaleses residentes na Coruña contribúen ao sostemento da súa familia nos seus lugares de orixe de xeito moi determinante mediante o envío regular de cartos. Xeralmente son envíos mensuais e o diñeiro emprégase para cubrir gastos de alimentación, electricidade, auga ou teléfono. Algunhas familias mesmo poden afrontar obras de mellora nas súas vivendas.

De por parte, as longas ausencias dos migrantes teñen consecuencias tamén na demografía. Se a cidade de destino se ve beneficiada neste aspecto, os problemas fican nas rexións de orixe. Hai zonas no Senegal que viron diminuír a taxa de natalidade. Tamén a falta da figura paterna produce un baleiro no círculo familiar, e os períodos de vacacións dun ou dous meses son insuficientes para compensar as longas ausencias, segundo recoñecen os informantes deste estudo. Eles perciben dalgún xeito que a estrutura familiar se está a romper. A esposa é a que toma a iniciativa no fogar e nos coidados. Tamén nos asuntos familiares que antes correspondían ao marido.

Na Coruña, a maioría dos senegaleses traballan principalmente como vendedores autónomos nas feiras semanais e festas do verán, ou ben como empregados en empresas de construción ou doutros sectores, mais a crise fixo que este segundo grupo se fose reducindo. A maior parte dos cartos que gañan queda na Coruña. Hai que pagar os gastos derivados do uso dos vehículos, as prazas nos mercados, o alugueiro da vivenda e a alimentación.

### **3.5. Integración, asimilación**

Cando se fala de migracións, integración é sinónimo de asimilación. Falo de asimilación no sentido de que os migrantes deben tratar de recoller coñecementos, influencias e condutas desde os cales é posible a integración na sociedade de destino. No entanto, no caso dos senegaleses na Galiza estamos ante un choque de dúas culturas. Leopold Sedar Senghor, gramático, poeta e primeiro presidente da República do Senegal, deixou dito que o primeiro que fan dúas culturas cando se atopan é rexeitarse, malia que logo terminan por mesturarse. Andamos na primeira fase. A integración chegará de xeito natural, pola propia dinámica da convivencia. Tanto os inmigrantes entrevistados para este estudo

como o propio autor estamos fortemente interesados en que a nosa comunidade consiga unha integración política e económica plena. Anotarei aquí máis propostas.

O vértice político é o que máis nos preocupa hoxe. A lei electoral non nos permite participar –nin votar nin dispor da condición de elixible– en ningún proceso electoral. Precisamos que se corrixa esta situación para que a residencia legal estea acompañada de dereitos políticos. Sería un paso importante cara á integración, non só dos senegaleses, senón tamén doutros colectivos de inmigrantes.

### 3.6. No barrio da Agra do Orzán

A principal colonia de senegaleses na Galiza aséntase no barrio coruñés da Agra do Orzán, un barrio cunha alta densidade de poboación (688,8 habitantes/km<sup>2</sup>), que se formou no aluvián migratorio dos anos sesenta do pasado século, algo que aínda hoxe se ve reflectido no urbanismo, na composición social e, sobre todo, no avellentamento da poboación. O da Agra é, ademais, o distrito da cidade con máis presenza de inmigrantes, ao suporen case o 10% do total de habitantes<sup>11</sup>. O distrito 10 é o que se inclúe nos límites que debuxan a rolda de Nelle, a avenida de Fisterra, a rolda de Outeiro e a avenida do Peruleiro. Moitos dos senegaleses viven nel; e moitos tamén nos distritos veciños, nos barrios da Sagrada Familia ou O Ventorrillo.

O da Agra é un barrio con certa memoria da migración. Como lembra un estudo da ONG Ecos do Sur<sup>12</sup>, moitos dos veciños que chegaron desde distintas localidades da Costa da Morte e outras zonas das provincias da Coruña e Lugo nos anos sesenta continuaron logo o seu periplo migratorio cara ao exterior da Galiza, mesmo cara a Europa ou América. Houbo, ademais, unha importante migración de retorno a principios deste século que se reflicte na evolución dos nacionais arxentinos e uruguaios, colectivos maioritarios entre os nados fóra a metade da década pasada. Até aquí as semellanzas con outros barrios populares da Coruña. O que distingue a Agra do Orzán é a forte presenza do continxente de africanos, especialmente senegaleses, que segundo o estudo referido supuñan no ano 2013 un total de 457 persoas –o dobre que o seguinte colectivo

<sup>11</sup> Véxase ECOS DO SUR (s. d.) [en liña] *Informe sociodemográfico de la inmigración en el barrio Agra do Orzán (A Coruña) 2013*. Disponible no enderezo web <<https://goo.gl/LJqtEc>>. Neste informe sinálase que no barrio están rexistradas no padrón 2565 persoas inmigrantes das 13 216 que hai na cidade. Esa cifra (2565) representa o 19,4% da poboación de migrantes na Coruña e o 9,5% do total da poboación da Agra.

<sup>12</sup> *Ibidem*.



de migrantes– cun incremento do 44% nos cinco anos anteriores. O barrio da Agra do Orzán é hoxe un barrio multiétnico. As diferentes nacionalidades son visibles nas escolas e nas rúas. Mais os distintos grupos migrantes como colectivos aínda non o son.

#### **4. Conclusión**

O itinerario de inmigrantes senegaleses e demais subsaharianos conforma unha longa viaxe con moitas dificultades, mais non menos difícil lles resulta asentarse na Galiza. Referímonos aos atrancos para participaren en política, mais tamén á que é no día a día a principal preocupación dos senegaleses residentes na Coruña: a incerteza económica derivada do desemprego e das cada vez menos rendibles actividades de venda ambulante en que se ocupan –nos ocupamos– os máis. A política ignóranos por estranxeiros; a crise golpéanos como pobres. Só no plano social se pode dicir que a comunidade goza de certa tranquilidade. Ante os problemas económicos, entre os informantes deste estudo hai quen pensa que a mellor opción é regresar ao Senegal; outros valoran se proseguir a migración cara a Europa, sabendo que en calquera outro estado atoparán as mesmas dificultades que aquí (situación legal, idioma).

A idea que percorre este artigo é a de subliñar que o problema (global) da inmigración ilegal ten que ser atacado nas súas raíces. As nacións máis desenvolvidas de Europa e América teñen que intervir. Por solidariedade humana e por responsabilidade histórica. No caso de África, teñen que axudar os nosos estados a saíren das guerras –ben en forma de guerra civil, ben como conflito entre estados– e da pobreza. Existen os medios, só se precisa vontade política para derivar, por exemplo, parte dos gastos en armamento na loita para erradicar a fame. Non só en África, senón en todo o mundo.